



Convenio de cooperación educativa entre a Consellería de Cultura, Educación e Ordenación Universitaria da Xunta de Galicia e a Confederación Hidrográfica del Miño-Sil para o desenvolvemento da formación en centros de traballo

MEMORIA XUSTIFICATIVA

O Director Xeral de Educación, Formación Profesional e Innovación Educativa da Consellería de Cultura, Educación e Ordenación Universitaria, **DECLARA:**

Que a Consellería de Cultura, Educación e Ordenación Universitaria formalizou o catro de abril de dos mil dezaseis coa Confederación Hidrográfica del Miño-Sil, (en adiante CHMS), o instrumento convencional arriba referido por un período de vixencia de catro anos desde a data da súa sinatura.

Que o instrumento convencional ten por obxecto:

Establecer un programa de cooperación educativa para que os estudantes de formación profesional da Comunidade Autónoma de Galicia poidan complementar a formación adquirida no centro educativo coa formación práctica, que require o desenvolvemento de actividades profesionais, nos centros de traballo da CHMS desta Comunidade Autónoma.

Que existe converxencia de intereses entre as entidades asinantes en orden á consecución do obxecto referido.

Que o instrumento convencional que se pretende asinar se fundamenta no seguinte:

1. Na Lei orgánica 2/2006, de 3 de maio, de educación, determina no artigo 39, no apartado 2 que a formación profesional, no sistema educativo, ten por finalidade preparar aos alumnos e as alumnas para a actividade nun campo profesional e facilitar a súa adaptación as modificacións laborais que poidan producirse ao longo da súa vida, así como contribuír ao seu desenvolvemento persoal e ao exercicio dunha cidadanía democrática. Igualmente, contempla, no apartado 2 do artigo 42, que o currículo das ensinanzas de formación profesional incluírá





unha fase de formación práctica nos centros de traballo, da que poderán quedar exentos os que acrediten unha experiencia laboral que se corresponda cos estudos profesionais cursados. As Administracións educativas regularán esta fase e a mencionada exención.

2. Que á CHMS correspóndelle, entre outras, as seguintes funcións previstas nos artigos 23 e 24 da Lei de Augas, segundo a redacción dada á mesma polo Real decreto legislativo 1/2001, de 20 de xullo:

- A administración e control do dominio público hidráulico.
- A administración e control dos aproveitamentos de interese xeral ou que afecten a máis dunha Comunidade Autónoma.
- A elaboración do Plan Hidrolóxico da Demarcación, así como o seu seguimento e revisión.
- A definición de obxectivos e programas de calidade de acordo coa planificación hidrolóxica.
- O proxecto, construción e explotación das obras realizadas con cargo aos fondos propios do Organismo, e as que lle sexan encomendadas polo Estado.
- As que se deriven dos convenios con Comunidades Autónomas, Corporacións Locais, e outras entidades públicas ou privadas, ou dos subscritos con particulares.

3. Que no marco das relacións de colaboración entre as Administracións Públicas, e co fin de contribuír á formación integral dos estudantes de formación profesional da Comunidade Autónoma de Galicia, ambas as partes están dispostas a prestar a colaboración necesaria para a realización de prácticas de estudantes de formación profesional da Comunidade Autónoma de Galicia na CHMS.

Que os intereses converxentes das partes asinantes exclúen o ánimo de lucro, e non poden satisfacerse axeitadamente mediante a celebración dun contrato dos contemplados no Texto refundido da Lei de contratos do sector público, aprobado por Real decreto legislativo 3/2011, de 14 de novembro, ou doutro instrumento alleo á natureza estritamente convencional.





XUNTA DE GALICIA

CONSELLERÍA DE CULTURA, EDUCACIÓN
E ORDENACIÓN UNIVERSITARIA

Edificio Administrativo San Caetano, s/n
15781 Santiago de Compostela
www.edu.xunta.es



En atención ao exposto, e a fin de dar cumprimento ao preceptuado no artigo 15.2. da Lei 1/2016, de 18 de xaneiro, de transparencia e bo goberno, estímase xustificado o recurso á sinatura do instrumento convencional que se pretende, con exclusión doutras figuras.

E para que conste, asínase dixitalmente esta memoria, en Santiago de Compostela.

O Director Xeral de Educación, Formación Profesional e Innovación Educativa

Manuel Corredoira López

